 Seminario Galán.org



*Camacho Vales*

5º Educación primaria

Día das letras galegas 2020

**ACTIVIDADES  
EDUCACIÓN PRIMARIA**

**Á BEIRA DO MAR**

**OS CATRO**

**5º**



**SEMINARIOS RICARDO CARVALHO CALERO  
LETRAS GALEGAS 2020**

Ricardo Carvalho Calero naceu en Ferrol (A Coruña) o 30 de outubro de 1910. Era o fillo maior de M.<sup>a</sup> Dolores e Gabriel Ricardo.

Os seus primeiros estudos foron nun colexio da rúa Magdalena e despois no Colexio Sagrado Corazón de Xesús, dirixido polo escritor Manuel Comellas; fixo o bacharelato por libre e trasladouse a Compostela a estudar na súa universidade.

Foi un gran defensor do idioma galego e membro do Seminario de Estudos Galegos onde coñeceu a Vicente Risco, Castelao, Otero Pedrayo, Cuevillas...

Traballou en moitas revistas galegas: *A Nosa Terra*, *Nós*, *Guión*, *Galiza*, *Resol*, *Universitarios*, *Papel de Color*...


En 1965 incorporouse ao Instituto Rosalía de Castro de Santiago e, como profesor contratado, á universidade compostelá da que se converteu no seu primeiro catedrático de Lingüística e Literatura Galega.

É autor de *Gramática elemental del gallego común* e de obras de teatro, poesía, novela e moitos estudos sobre a lingua e a literatura galega.

Defendeu a postura de que a lingua galega é unha variedade da lingua portuguesa.

Faleceu en Compostela no ano 1990.

Polo seu labor en defensa do idioma e cultura galega a Real Academia Galega dedícalle o Día das Letras.



RICARDO CARVALHO CALERO

A handwritten signature of Ricardo Carvalho Calero in cursive script.



SCÓRPIDO, PUBLICADA EN 1987, É A ÚLTIMA NOVELA DE RICARDO CARVALHO.

# ACTIVIDADES BIOGRAFÍA CARVALHO CALERO 5º ED. PRIMARIA

1.- Cal era o nome dos seus pais?

---

2.- Que estudou en Santiago de Compostela?

---

3.- Cales eran os obxectivos do Seminario de Estudos Galegos?

---

4.- En que instituto compostelán deu clases?

---

5.- De que materia foi o primeiro catedrático universitario?

---

6.- Localiza nesta sopa de letras o nome de sete países que teñen o portugués como idioma oficial.

X	C	A	B	O	V	E	R	D	E	B	N
M	O	Z	A	M	B	I	Q	U	E	Z	C
C	B	Z	N	G	T	I	M	O	R	Ñ	L
M	X	Ñ	G	B	V	D	N	H	F	M	Z
L	F	P	O	R	T	U	G	A	L	V	S
G	D	M	L	C	F	Ñ	X	H	L	N	D
X	B	R	A	S	I	L	B	V	G	Ñ	X
G	U	I	N	E	A	B	I	S	S	A	U

BRASIL MOZAMBIQUE ANGOLA PORTUGAL  
GUINEA BISSAU TIMOR CABO VERDE

7.- Inventa unhas portadas para as revistas *Papel de Color* e *Universitarios*, nas que tamén colaborou Ricardo Carvalho Calero.


**UNIVERSITARIOS**

**PAPEL DE COLOR**


8.- Calculemos! Fai as contas e responde.

Se Ricardo naceu no ano 1910, cantos anos hai do seu nacemento?

Ricardo Carvalho publicou en 1982 as súas obras teatrais en *Teatro Completo*, cantos anos tiña cando publicou o libro?



9.- Resolve o encrucillado relacionado coa biografía de Carvalho Calero.



### HORIZONTAIS

- 1.- Apelidos do autor homenaxeado este ano no Día das Letras.
- 2.- Título dunha revista na que traballou.
- 3.- Nome da poetisa galega a quen lle dedicou o seu discurso de ingreso na Real Academia Galega.

### VERTICAIS

- A.- Nome do pai.
- B.- Cidade onde naceu Ricardo.
- C.- Título da última novela publicada por Ricardo, en 1987.
- D.- Título doutra revista na que traballou Ricardo Carvalho.
- E.- Lingua da que, segundo Ricardo Carvalho, procede o idioma galego.

HORIZONTAIS: 1.- CARVALHO CALERO 2.- GUION 3.- ROSALÍA  
 VERTICAIS: A.- GABRIEL B.- FERROL C.- SCÖRPIO D.- GALIZA E.- PORTUGUÊS



### **Á BEIRA DO MAR** **RICARDO CARVALHO CALERO**



Acabaramos por pasar os veráns á beira do mar, nunha casa con horta, terraza e curro. Voltabamos todos os anos a esa casa. Non había luz eléctrica. Alumabámonos con carburo. Os meus irmáns e máis eu fixemos algunhas amizades. Había moitos veraneantes nos arredores. Dabamos paseos marítimos nun bote. Eu aprendín a remar. Ao principio, as miñas mans de neno sufrían do contacto dos remos. Encaleceron. Tamén faciamos excursións terra adentro. Por diante da nosa casa pasaban cantando moitos carros de bois, e tamén puchos soltos e rebuldeiros, que os días de feira levaban a vender os seus donos.



Ricardo Carvalho cos seus pais.

# ACTIVIDADES 5º ED. PRIMARIA *Á BEIRA DO MAR*

## LECTURA COMPRESIVA

1.- Onde pasaba o verán o protagonista?

---

2.- Que actividades facía o protagonista no lugar onde veraneaba?

---

3.- Como era a casa onde veraneaba?

---

4.- Con que daban os paseos marítimos?

---

5.- Que vendían os días de feira?

---

6.- Busca no dicionario a palabra "agarimado" e anota algún sinónimo.

---



---




7.- Escribe **V** ou **F**.

- Pasaban o verán a carón da montaña.
- A casa na que veraneaban tiña só unha pequena horta.
- Alumábanse con lámpadas de carburo.
- Aprendeu a remar e a nadar.
- As súas mans encaleceron.
- Vían carros de bois e puchos soltos e rebuldeiros.
- Daban paseos marítimos en canoas.

8.- Fai un debuxo sobre como son na actualidade os seguintes obxectos.



9.- Resolve este encrucillado usando palabras do texto.



## HORIZONTAIS

- 1.- Sitio apartado, máis ou menos pequeno e oculto, dentro dun espazo maior.
- 2.- Amigos.
- 3.- Composto químico que resulta da combinación de carbono cun corpo simple, especialmente co calcio.
- 4.- Estación máis calorosa do ano.
- 5.- Vogar.
- 6.- Formar calos.
- 7.- Crías da vaca, ata os dous anos aproximadamente.
- 8.- Embarcación de pequeno tamaño.

1.-CURRO 2.-AMIZADES 3.-CARBURO 4.-VERÁN 5.-REMAR 6.-ENCALEGER  
7.-PUCHOS 8.-BOTE

10.- Une cada localidade co nome da súa feira, mercado ou festa.






<b>O CARBALLIÑO</b>	■	<b>FESTA DO MARISCO</b>
<b>O GROVE</b>	■	<b>FESTA DO POLBO</b>
<b>MONDOÑEDO</b>	■	<b>AS SAN LUCAS</b>
<b>CORME</b>	■	<b>FESTA DO PERCEBE DO RONCUDO</b>
<b>MONTERROSO</b>	■	<b>FESTA DO LONGUEIRÓN</b>
<b>FISTERRA</b>	■	<b>FEIRA DE SANTOS</b>

11.- Localiza nesta sopa de letras o nome das embarcacións galegas que figuran no recadro.

DORNA GAMELA BOTE BUCETA RACÚ CHALANA BARCA  
CAROCHO LANCHA TRAIÑEIRA TRINCADO BALANDRO

D	O	R	N	A	B	U	C	E	T	A	Z	V
X	G	C	C	H	A	L	A	N	A	C	N	X
B	A	R	C	A	C	B	R	L	X	V	M	B
N	M	A	V	X	N	B	O	T	E	C	Z	H
B	E	C	T	R	I	N	C	A	D	O	X	Ñ
X	L	U	L	A	N	C	H	A	N	M	Ñ	L
B	A	L	A	N	D	R	O	Z	X	N	H	B
Z	V	C	X	T	R	A	I	Ñ	E	I	R	A

## 12.- Observa o recibo da electricidade e completa.

 <b>Compañía Eléctrica Galega</b> Compañía Eléctrica Galega A-65.009.876 Avda. Ricardo Carvalho Calero, 2020 15402 Ferrol	   	<b>Datos da factura de electricidade</b> <b>IMPORTE FACTURA: 44,73 euros</b> Nº factura: FE19675000547687 <b>Período de consumo</b> 1 de abril de 2020 a 1 de maio de 2020 <b>Data de cargo/ Data límite de pago</b> 17 de maio de 2020
<b>Factura resumo</b> Por potencia contratada 12,06 euros Por enerxía consumida 22,32 euros Imposto electricidade 1,76 euros Aluguer equipos medida 0,83 euros Imposto aplicado 7,76 euros <b>TOTAL IMPORTE FACTURA: 44,73 euros</b>	FABEIRO MOURIÑO, ALBERTE XOSÉ Rúa San Francisco, s/n FERROL VELLO 15401 FERROL A CORUÑA	

► Cal é o nome da compañía eléctrica?

---

► E cal é o número de factura?

---

► Cantos euros se pagaron pola enerxía consumida?

---

► Cal é a data de cargo/data límite de pago?

---

► A nome de quen está a factura?

---

► Onde vive Alberte Fabeiro?

---

► Cal é o período de facturación?

---



### **OS CATRO RICARDO CARVALHO CALERO**



*Maruja*, dous anos maior, era diferente. Os seus grandes ollos escuros adoitaban permanecer entornados baixo as pesadas perfebas. Unha cabeleira dun castaño singular, moi escuro, con algo de cincento, de fíos delgados e sedosos, caíalle mesta sobre os ombros. Tiña un nariz recto e fino, e unha boca dun vermello apagado, de beizos entreabertos decote. Era unha nena máis ben calada, calma, pouco algareira, pouco expansiva.

Ramón, o derradeiro fillo de miña nai, era agarimado por todos e acostumárase a esixir tributo de todos, como un pequeno tirano. Era loiro, como Clara, moi escachapedras, ousado e impetuoso. Rifa-ba moito con *Maruja*, e malia o carácter tranquilo dela, púña nerviosa e facía chorar non poucas veces. Clara ríase das trasnadas de Ramón, e era unha benévola e pequena nai para el.



1.- De que tres rapaces fala o texto? Que relación teñen entre eles?

---

2.- Cal dos tres rapaces é o fillo menor?

---

3.- Que rapaces tiñan o cabelo loiro?

---

4.- Explica que significa a seguinte expresión "*era unha benévola e pequena nai para el*".


---

5.- Localiza once adxectivos que aparecen na lectura.

MAIOR  
DIFERENTE  
GRANDES  
ESCUROS  
PESADAS  
CASTAÑO  
CINCENTO  
SEDOSOS  
MESTA  
CALADA  
ALGAREIRA

E	S	C	U	R	O	S	Z	C	M	C	G
M	C	I	N	C	E	N	T	O	E	A	R
A	L	G	A	R	E	I	R	A	S	L	A
I	X	S	E	D	O	S	O	S	T	A	N
O	Z	C	A	S	T	A	Ñ	O	A	D	D
R	C	P	E	S	A	D	A	S	X	A	E
Z	D	I	F	E	R	E	N	T	E	C	S

6.- Para facer unha descrición temos que organizar a información. Sigue o guión e escribe a descrición dun dos teus compañeiros ou compañeiras de aula.



## DESCRIPCIÓN FÍSICA

---

---

---

---



## DESCRIPCIÓN DO CARÁCTER

---

---

---

---



## AFECCIÓNS

---

---

---

---

7.- Escribe dez nomes en galego de nenos e nenas.

<b>nenos</b>	1	_____	<b>nenas</b>	6	_____
	2	_____		7	_____
	3	_____		8	_____
	4	_____		9	_____
	5	_____		10	_____

8.- Engade, polo menos, dous adxectivos novos ou do texto ás seguintes oracións para facelas máis longas.

As trasnadas de Ramón \_\_\_\_\_

O cabelo de Clara \_\_\_\_\_

O fillo de Xoán \_\_\_\_\_


9.- Ramón, *Maruja* e Clara teñen en total 40 euros. Ramón ten a metade e Maruja 4 euros máis que Clara. Cantos euros ten cada un deles?





10.- Resolve o encrucillado relacionado co relato *Os catro*.

		<b>1</b>		<b>O</b>					
<b>2</b>				<b>S</b>					
		<b>3</b>		<b>C</b>					
		<b>4</b>		<b>A</b>					
		<b>5</b>		<b>T</b>					
	<b>6</b>			<b>R</b>					
<b>7</b>				<b>O</b>					



1.- LOIRO 2.- TRASNADA 3.- CABELEIRA 4.- NARIZ 5.- TIRANO 6.- PERFEBAS 7.- BEIZOS

**HORIZONTAIS** \_\_\_\_\_

- 1.- De cor castaña clara, semellante ao ouro.
- 2.- Acción propia dun pequeno inqueda. Travesura.
- 3.- Conxunto de cabelos. Pelo.
- 4.- Órgano exterior do olfacto.
- 5.- Persoa autoritaria que impón a súa vontade.
- 6.- Cada un dos pelos que nacen nos bordos das pálpebras.
- 7.- Parte carnosa externa da boca.

11.- Tendo en conta o que di o texto, fai un debuxo que illustre como é *Maruja*.

